

## OS NÓBOA. UNHA LIÑAXE OURENSÁ.

*Olga Gallego Domínguez*  
*Francisco Fariña Busto*

A estirpe dos Nóboa parece establecida en Ourense dende os mediados do século XIII, en que algúns persoeiros asumen certo protagonismo nos documentos e na vida social. Con todo, non sempre resulta fácil identificar aos seus membros, nin mesmo situalos no momento cronolóxico preciso, xa que, ao igual que acontece con outras estirpes do Antigo Réxime, caracterízanse pola multitude de individuos co mesmo nome e apelido e, mesmo sucede que un é coñecido, por veces, con dous nomes distintos. Como consecuencia, en moitos casos xurde unha evidente confusión e impide a correcta identificación dalgúns dos persoeiros concretos, o que sucedeu, no noso criterio, con dúas persoas de nome idéntico: Xoán de Nóboa, de Nóvoa ou de Nova que xogan papeis ben diferentes nunha mesma época, a segunda metade do século XV.

Un, Xoán de Nóboa, señor da Casa da Manzaneda e vasalo do Rei, como se intitula, e outro o Xoán de Nóvoa ou Nova (así o chaman os portugueses) que foi alcaide de Lisboa e grande navegante, descubridor de illas no océano Índico, que por diversas circunstancias parecen confundirse e que, creemos, son dous personaxes ben diferentes coincidentes no tempo e no seu nome, feito, por outra parte, ben frecuente na época, e por ende os dous da mesma saga familiar. E así, de Xoán de Nóboa uns din morreu polo ano 1496, ficando os seus despoños nun enterramento da capela maior de San Francisco de Ourense, mentres que outros autores o encamiñan a Portugal, dende 1481, e o identifican co navegante morto en Cochim en 1509 ou 1510<sup>1</sup>, logo de servir aos reis don Juan II e don Manuel.

Pero denantes de chegar a este punto compre situarnos un tempo atrás e afondar nas raigañas da liñaxe á que ámbolos dous pertencen, os Nóboa, escrito seguindo a forma maioritaria na documentación epigráfica conservada. A liñaxe dos Nóboa parece ter a súa orixe nas terras de Castela de Orcellón, no solar de Nóboa, onde hai un castelo de famosa ruína, na parroquia de San Estevo de Nóboa<sup>2</sup>, do que saíron aqueles que desempeñaron diversas tenencias e cargos, que afirmados nos seus solares pasaron tamén a ter unha presenza na cidade de Ourense e noutros territorios, como Maceda, ata darlle nome a súa casa. Máis alá de orixes lexendarias como as que figuran nos relatos de cronicóns ou de cronistas, os estudos modernos sobre a xenealoxía familiar son case todas coincidentes, ben polo feito de ter unha orixe común, que poden ser as “Armas e Triunfos de los Hijos de Galicia” de Fr. Felipe de la Gándara<sup>3</sup>, ben por non ter outras fontes de información que a documentación nobiliar dos relatorios e memoriais de xustificación dos títulos<sup>4</sup>.

Con independencia deses datos, unha aproximación documental nos ofrece datos máis dispersos, pero que se encaixan ben coa información xenealóxica, sen por eso obviar os problemas de homonimias que xorden de certo con frecuencia e dan pé a confusións que compre deixar de lado, e que incluso acontecen entre os xenealoxistas.

Tanto Fr. Felipe de la Gándara, no século XVII, como Fr. Xosé Crespo no noso tempo remontan a orixe da estirpe, seguindo ao Nobiliario do Conde don Pedro, a Xoán Ares ou Airas de Nóboa que serviu aos reis Afonso IX e Enrique I, e que casou co María Fernández de Traba, alegando tamén Gándara un diploma datado en Lugo en 1184, cunha concordia entre o Xoán Ares de Nóboa e o Conde de Monterroso<sup>5</sup>, e deles

---

1 O tema está aberto dende hai tempo, e mesmo hai autores que levan a Xoán de Nova a morrer en Lisboa polo ano 1540, por ex. F. LANZA, *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires, 1953, s.n. e así se recolle tamén na Gran Enciclopedia Gallega. Gijón: Silverio Cañada Ed., s.a., s.v. Novoa, Juan de, tomo 22, 232.. Cfr. Máis adiante os datos concretos.

2 O castelo xa era unha ruína no século XIX e apenas se recoñeceña o seu emprazamento, cfr. Francisco Avila y La Cueva, *Historia civil y eclesiásticas de la Ciudad de Tuy y su obispado*. Edición facsimilar. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995, II, 86 e ss. Recolle tamén unha xenealoxía dos Nóboa.

3 Fr. Felipe de la Gándara, *Armas y triunfos de los Hijos de Galicia*. Edición facsímile con introducción de José Filgueira Valverde. Santiago, Bibliofilos Gallegos, IV, 1970.

4 José Santiago Crespo Pozo, *Blasones y Linajes de Galicia*. 2ª ed.. revisada e completada. Ed. La Gran Enciclopedia vasca, s.a.[1985], vols. II, III e IV, apelidos Nóboa e Nóvoa, pero tamén Cadór-niga, Enríquez e Maceda, casa de.

5 Gándara, cit., 313.

ficaron os fillos Gonzalo Yañez de Nóvoa, que chegou a Maestre de Calatarava en 1218, Suero Yañez de Nóvoa, Fernando Yañez de Nóboia e Pero Yañez de Nóvoa.

Levou este a sucesión da Casa, e do seu matrimonio con Urraca Pérez, tivo a Xoán Pérez de Nóvoa e a Rui Pérez.

Fillos de Xoán Pérez de Nóvoa foron Gonzalo Yañez de Nóvoa e don Pedro Eanes ou Iañez de Nóvoa, que era arcediago e pasou a ser elixido bispo de Ourense en 1278, foi o primeiro dos relevantes membros da casa de Maceda, da que o fai cabeza Fr. Juan Muñoz de la Cueva e resulta especialmente coñecido por ser o inductor do incendio do primeiro convento dos franciscanos de Ourense, sito por riba da Catedral no Tendal da figueira, e personaxe central de todo o tercio final do século en Ourense<sup>6</sup>.

Gonzalo Yañez de Nóboia casou con Urraca Pérez de Limia, aínda que outros o casan don Maior Ruiz Cabeza de Vaca, e foron os seus fillos Nuno González de Nóboia, Xoán González de Nóboia e Gonzalo de Nóboia

Nuno González de Nóvoa, casou con Elvira Pérez de Ambía e tivo por fillos a Xoán Pérez de Nóboia, Gonzalo Núñez de Nóboia, Pedro Yañez de Nóboia e Elvira Yañez de Nóboia, que casou con Pedro Alonso de Sousa. Gonzalo Núñez, foi un dos que cometeu o asalto ao convento dos frades franciscanos, pero acadou a suceder na mitra ourensán ao seu tío, xa que foi elixido bispo en 1311 e gobernou a diocese ata 1319. Sucedulle outro parente, Gonzalo Pérez de Nóboia (1320-1332), e algúns anos despois, Álvaro Pérez de Biedma (1343-1351), quen tiña unha irmá, dona Maior Fernández de Biedma que casou con Xoán Pérez de Novoa, en segundas nupcias de este.

Xa no século XIV nos encontramos con Xoán Pérez de Nóvoa que afora o seu pazo e cortiña en Vilarchao, en terra de Aguiar a Lopo Rodríguez de Sabadelle<sup>7</sup>, onde se cita como fillo de Nuno González de Nóboia (que fora tenente da fortaleza de Aguiar e da súa terra en 1299<sup>8</sup>) e que figura en diversos documentos como “caballero”, vendendo ou aforando, por exemplo en 1335, a dous de febreiro, outorga carta de pago a Pedro

6 Fr. Juan Muñoz de la Cueva, *Noticias históricas de S. I. de Ourense*, Madrid, 1718. p. . Tamén Benito Fernández Alonso, *Orensanos ilustres*. Ourense, 19—. Fr. Doroteo Calonge. *Los tres conventos de San Francisco de Orense. Monografía crítico-vindicativa*. Osera.1949.

7 Duro Peña, *Catálogo de documentos privados del Archivo de la Catedral de Ourense*. Excma. Diputación provincial de Orense, 1976. Citado en adiante Catálogo, nº 721. 1335

8 Duro Peña, Catálogo nº 532

Cid, morador en Aguiar de mil mrs. dos que era fiador Lopo Rodríguez de Sabadelle<sup>9</sup>, a quen pouco despois lle afora o seu pazo como acabamos de sinalar. Este Xoán Pérez de Nóboa casou con Beatriz González de Meneses, e foron os seus fillos Pero Yáñez de Nóboa, Xoán Alonso de Nóboa e María Yáñez de Nóboa. Casou en segundas con Maior Fernández de Biedma, a que outorgou testamento en 1348, xa viúva do Xoán<sup>10</sup>, e nai de dúas fillas, con interesantes mandas ao Convento de San Francisco de Ourense.

O seu irmán, Pero Yáñez de Nóboa, é un dos cabaleiros que están en Burgos na proclamación do Rei Afonso XI e aparece entre os Cabaleiros da Orde da Banda.

Pero Yáñez de Nóboa, o fillo de Xoan Pérez de Nóboa e Beatriz González de Meneses, casou con María de Seabra<sup>11</sup> e foi pai de Xoán Pérez de Nóboa, quen aparece na documentación publicada por Duro Peña outorgando testamento en 1375, documento no que se declara fillo de Pedro Yáñez de Nóboa e de dona María de Seabra, e deixa ao Cabido o couto de Soutomaior e bens en Tosende para dous aniversarios<sup>12</sup>.

Este Xoán Pérez de Nóboa é un personaxe singular da época, xa que serviu ao Rei don Pedro, ten por el a fortaleza de Pontevedra en 1357, e sabemos defendeu a ponte de Ourense en 1366 con Xoán Tridiguez de Biedma e aínda en 1368 o Cabido de Ourense lle outorga “por lle faser

---

9 Duro Peña, Catálogo, nº 720

10 Colección Documentos BCPMHAOur.

11 Fronte a referencia documental, os xenealoxistas, tanto Gándara como Crespo Pozo casan a don Pedro con Elvira González Saavedra, e fannos pais de Xoán Pérez de Nóboa, quen casou con Elvira de Parada e tiveron por fillo a Xoán de Nóboa. Ademais da coincidencia de nomes, xurde outro problema na visión que ofrecen, xa que a partires deste momento se complica a liña sucesoria da Casa de Maceda ou liñaxe dos Nóboa, xa que, coidamos, a semellanza de nomes procurou unha certa confusión no relato sucesorio e cronolóxico destes, como veremos máis adiante.

12 Duro Peña, Catálogo, nº 890.

13 Ficha manuscrita con transcripción de Ferro Couselo: “1368. 6 de outubro. o Cabido de Ourense lle outorga a don Xoán Pérez de Nóboa, escudeiro, “por lle faser ajuda e gracia e amor para ajuda dos homes decavallo que quería enviar a servizo del rei don Pedro tres mill mrs. de brancos de dez diñeiros cada un por quanto lles demandaba e pedía ajua e omildosamente para a dita ida. Pero que llos outorgaba por esta condición que os pagase a mesa do cabidoo e non penorase a minhum do dito cabidoo...” a pagas en los tres primeros meses... Y luego dieron al. Deán y a Juan Aires, chantre de Orensem, para ajuda de pagas dicha cantidad “os treinta moios de viño pequenas que ogano avyan no porto vello...”. Presentes: Deán, Chantre de Orense, Gonzalo Ans, Diego Pérez, Vasco Pérez, arcediano de Limia, Arcediano de Castela, Johan Martinez, tesorero, Lopo Afonso, Afonso da Veiga, o Chantre de Tui e Sotelo Pérez de Enfesta, estos dous últimos embian decir que otorgaban. Notas de G<sup>a</sup> Díaz, fol. 36.

ajuda e gracia e amor para ajuda dos homes de cavallo que quería enviar a servizo del rei don Pedro tres mill mrs. de brancos de dez diñeiros cada un por quanto lles demandaba e pedía ajua e omildosamente para a dita ida”<sup>13</sup>. Pasou logo ao servizo de Enrique II e do seu sucesor Xoán I, e, en 1386 voltou a defendela ponte de Ourense ante o avance do Duque de Lancaster, retirándose de seguido o Nóvoa á fortaleza de Allariz, cando se viu desbordado. Pero debeu residir na cidade de Ourense, xa que nas casas de Xoán Pérez de Nóvoa, outorgase a venda da metade dun casal en San Andrés de Erbededo, a mediados do século XIV<sup>14</sup>. Precisamente, coidamos que se trata da persoa que tivo diversos enfrontamentos con Pedro Ruiz Sarmiento, Adelantado de Galicia e señor da vila de Ribadavia<sup>15</sup>, o que sen dúbida provocou que lle deixase a fortaleza de Nóboa, da que procedía a estirpe, e buscase outro solar máis cómodo nas terras de Manzana de Limia, a actual Maceda, segundo unha concordia dictada por Enrique II<sup>16</sup>.

Xoán Pérez de Nóboa casou con Elvira de Parada e tiveron por fillo a Xoán de Nóboa, que aparece documentalmente nos anos finais do século, en 1397, como fillo de Xoán Pérez de Nóboa e de dona Elvira, que, con licencia da súa muller dona Leonor, afora a Xoán Afonso, morador en Vide y a dúas voces o lugar de Astariz por cuarta do froito e por dereituras 3 libras<sup>17</sup>. En 1401, Alonso Gómez Solleiro, escudeiro de Xoán de Nóboa, se concerta co Cabido por un aniversario da súa muller María do Mato<sup>18</sup>. Pouco despois, en 1404, a 16 de xullo consta a sentenza dada por don Pedro Afonso de Castro, alcaide maior do Rei en Galicia, contra Xoán de Nóvoa, que se entremetera ocupando diversas posesións do

---

14 Duro Peña, Catálogo, nº 1004

15 Aínda que compartían hábitos e formas de actuar, como a que lles reprocha o Abade de Oseira de que lle tiñan usurpado os seus coutos, cfr. Gonzalo F. Fernández Suárez, *La nobleza gallega entre los siglos XIV-XV. Los Sarmiento, Condes de Ribadavia*. El Liceo Franciscano, Ene-Dic. 2002, nº 163-165., p. 99 e M. Romaní Martínez, *A colección diplomática de Santa María la Real de Oseira*, pp. 372-375.

16 Así o fai constar, pero referido a Xoán de Nóboa, o seu fillo, Crespo Pozo, Op. cit. : Nóboa, p. 28. Neste momento xurde entre os xenealoxistas unha extraordinaria confusión, xa que Crespo Pozo mixtura cronoloxicamente feitos que compre atribuír dunha banda a Xoán Pérez de Nóboa e outros a Xoán de Nóboa o seu fillo, por exemplo o matrimonio con Leonor Enríquez, que sitúa en torno ao ano 1392 e que atribúe como segundas nupcias co fin de congraciarse con Enrique III (1390-1406). E outro tanto acontece con Gándara, op. cit. 319-320.

17 Duro Peña, Catálogo, nº 989

18 Nota de Ferro Couselo: Notas de Estebo Pérez, III, fol. 37. Xesús Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo, Galaxia, 1996.

Cabido e a levar servicios dos seus coutos e vasalos<sup>19</sup>, practica polo que sabemos ben habitual no momento, aínda que os Reis tentaran evitalo e que só coas disposicións dos Reis Católicos podemos dar por rematadas.

Este debe ser o Xoán de Nóboa que cita Vasco da Ponte<sup>20</sup> como casado con Leonor Enríquez, a irmá de don Fadrique Enríquez, Duque de Arjona, quen casará despois en segundas nupcias con García Díaz de Cadórniga<sup>21</sup>. Ficou Xoán de Nóboa sen sucesión xa que os fillos morreron antes que el, e pasou o señorío da casa, segundo os xenealoxistas, a Pero Yáñez de Nóboa<sup>22</sup>, quen casara con María Méndez de Ambia e tivo unha filla, dona Leonor de Nóboa<sup>23</sup>, da que falaremos máis adiante.

Comezamos así o século XV, cun Xoán de Nóboa, casado con Leonor Enríquez, a filla de Pedro Enríquez, Conde de Lemos<sup>24</sup> e de quen, de creer a Crespo Pozo, se conservan dous testamentos, un de 1400, e outro de 1406<sup>25</sup>, que, con poder seu, fixeron o Abade de Oseira e mailo Chantre da Catedral de Ourense, e en ámbolos dous fai sucesor na casa de Manzane-

---

19 Duro Peña, Catálogo, nº 1043. Tamén J. García Oro, *Señorío y Nobleza*, cit., 76-77, e E. Pardo de Guevara e Valdés, *Los Señores de Galicia. Tenentes ei Conde de Lemos en la Edad Media*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000, t. I 238 e ss.

20 Vasco da Ponte, Recuento

21 Crespo Pozo, cit. P. 28. Tamén ao Xoán de Nóboa dos finais do séc. XIV cítao Pardo de Guevara repetidamente no seu libro sobre os Lemos, na parte primeira.

22 Gándara fai a este don Pedro Yáñez de Nóboa, irmán de Xoán de Nóboa, pero ao tempo di "fue un gran caballero, en servicio del Rei Don Alonso el XI, i seguido su corte; i en el año de 1330, se alló en su coronación en Burgos, i fue uno de los cavalleros que fueron armados de la Orden de la Vanda. Avia casado con doña María Méndez de Ambia". Pola súa parte Crespo Pozo di: "Pedro Yáñez de Novoa, XIV señor de esta casa, con todos sus cotos y lugares. Sobre el aparecen en varios autores y en el memorial errores garrafales de cronología. En lo que todos están acordes es en afirmar que fue esposo de D<sup>a</sup> María Méndez de Ambía, dama de la Reina, que fue señora de la torre y tierra de Armaziz, y que le dió por hija única a D<sup>a</sup> Leonor de Novoa" (p. 28). Pero non da resposta aos problemas dos que fala, nin os prantexa.

23 Tamén sobre esta hai contradicción ente Gándara, que lle atribúe tres matrimonios: Luis de Villamaría, Fernando Enríquez e García Díaz de Cadórniga, e Crespo Pozo que só a casa dúas veces, xa que ao terceiro marido que lle atribúe Gándara fixérao casar con Leonor de Castro y Castilla, quen xa estivera casada antes de se desposar co Cadórniga con Xoán de Nóboa. Como se ollá, un grado de confusión enorme, no que se entrecruzan os datos sen comprobación cronolóxica precisa. Os datos mellor explicados en E. Pardo de Guevara Valdés, *Los Señores de Galicia*. cit 244 e cadro xenealóxico tabla 5.

24 E. Pardo de Guevara e Valdés, *Los Señores de Galicia. Tenentes y Conde de Lemos en la Edad Media*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000, t. I, 244 e ss.

25 Según Clodio González Pérez, "O castelo e a jurisdicción de Roncos", BAvr. XIII, 1986, 99-135, neste testamento deixalle a súa fortaleza de Santa Estevo de Nóboa, na terra de Castela do Ribeiro, ao seu fillo Suero Eans de Nóboa, tomando como referencia a Fr. Tomás Peralta.

da ao seu irmán Pero Yañez de Nóboa, pero ao longo do século nos encontraremos con outros Xoán de Nóboa, dos que faremos mención xa que coinciden segundo os datos dispoñibles no último tercio do século

Un é o Xoán de Nóboa, Nóvoa ou Nova, navegante, era de orixe galega, e así o establecen tódolos cronistas da época, persoa da garda do Rei portugués Juan II, como figura nas relacións de 1490, que chegou a Alcaide de Lisboa e persoa influente na corte do rei D. Manuel, quen lle encargou unha expedición á India, para a que saíu en 1501 e regresou en 1502, volvendo en 1505 ao Índico e a India logo, onde morreu en Cochim en 1509 ou 1510, tal e como relatan as crónicas da época<sup>26</sup>. A relación coa estirpe parece certa, pero mesmo o P. Gándara, próximo relativamente no tempo, aínda que da noticia del non se atreve a afirmar cál era a súa liña familiar<sup>27</sup>. Mesmo se podería aventurar, atendendo ás datas, que fose fillo do Xoán de Nóboa que pasou un tempo en Portugal e que é o noso seguinte persoeiro.

Outro é o Xoán de Nóboa, señor da Casa da Manzaneda e “vasallo del Rei” como se intitula, sabemos que viviu no século XV, que era fillo de Fernando Enríquez e de Leonor de Nóboa, que era home de armas, participou en varios episodios das loitas nobiliarias da época, que casou con Mencía López Mosquera e tivo moitos fillos e para el se fixo un coitado sartego na capela maior de San Francisco de Ourense<sup>28</sup>.

---

26 Sobre o personaxe: Santiago Prol, *Joao da Nova. Un mariño galego ao servizo da Coroa de Portugal*. Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación provincial, 2002. A figura do navegante está ben referenciada, sobre todo a nivel bibliográfico e mesmo documental en aberto contraste coa imprecisión e confusión das noticias da primeira parte do seu traballo. Tamén A. López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, La Coruña, Andrés Martínez Editor, 1896 (Ed. facsimilar de Edinosa, s.l., A Coruña, 1991). A. Vázquez-Monxardín Fernández, O mariñeiro ourensán Joan de Novoa. *Auria*, nº 27, xullo 1999.

27 Gándara, *Armas i Triunfos...*, cit, 424-5, onde se le: “Destos tiempos salió de Galicia otra persona, gran héroe, llamado Iuan de Noboa, de la casa de los Condes de Maceda, el qual passo al Reino de Portugal, i sirvió a los Reies D. Iuan el II. I a su sucesor el Rei D. Manuel en las navegaciones, i conquistas de sus tiempos a Africa i a la india Oriental, de quien dice San Roman, en la historia de la India, que fue cavallero noble del Obispado de Orense; i que después de ayer servido a los Reyes dichos en lo de Africa, que passo a la India, cuia navegación poco antes auia descubierto Vasco de Gama, i que fue por General de una pequena esquadra de solo quatroi vageles, i que con ellos vencio cien velas en el Gran Camprin, i obro después grandes echos, en compañía del Grande Alonso de Alburquerque”.

28 Sobre o sartego, cfr. A. Vázquez Núñez, El claustro e iglesia de San Francisco de Órense, en BCPMHA Orense I, 1898. M. Chamoso Lamas, *Escultura funeraria en Galicia. Ourense*, Instituto de estudios Orensanos Padre Feijóo, 1979. M<sup>a</sup> Dolores Fraga Sampedro, *O templo de San Francisco de Ourense*, Guías do Patrimonio Cultural, 5. Grupo Marcelo Macías. Ourense, 1999. M<sup>a</sup> Dolores Fraga Sampedro, *El convento de San Francisco de Ourense*. Ourense: Anexos do Boletín Auriense, 26, 2002. A. Vázquez Núñez, El claustro e iglesia de San Francisco de Órense, en BCPMHA Orense I, 1898,

Un terceiro, é o Xoán de Nóboa, morador na rúa da Carnecería de Ourense, que aparece nos padróns e repartimentos da Cidade dos anos finais do século, e que polas datas destes documentos non pode ser o mesmo anterior<sup>29</sup>.

Finalmente un cuarto home do mesmo nome, Xoán de Nóboa aparece tamén nos padróns e repartimentos da Cidade, en paralelo ao anterior, pero coa indicación de seren çapateiro<sup>30</sup>.

Como vemos varios Xoán de Nóboa ou Nóvoa para un mesmo tempo. As razóns da confusión entre os persoeiros parece estar no descoñecemento da familia do conquistador e nas idas e vindas do Señor da Casa de Maceda a Portugal, probablemente todo a partir dunha nota ou comentario de Martínez Sueiro, que, tomando coma referencia unha afirmación del cronista dos Reis Católicos, Hernando del Pulgar, verbo da actitude xusticieira dos reis, que dice : “en espacio de tres meses se absentaron de la tierra mas de mil e quinientos ladrones e omicianos”, agrega en nota : “Entre éellos Juan de Novoa e Luís de Villamarín, caballeros orensanos que se internaron en Portugal”<sup>31</sup>, dou pé para as hipóteses lanzadas despois. Agora ben, tamén outros autores comentando as novas que aporta Vasco da Ponte no seu Recuento de las casa antiguas de Galicia ao tratar do cerco de Sobroso fan esa mesma identificación<sup>32</sup>.

Ímonos centrar agora no Xoán de Nóboa como aparece grafiado nas testemuñas epigráficas varias de sartegos da época, para o que contamos con meirande número de referencias, as máis, moi acordes coa situación da época.

De Xoán de Nóboa, ou tamén Xoán Pérez de Nóboa, sabemos que era fillo de Fernando Enríquez, rexedor de Ourense, e de Leonor de Nóboa, como acredita a inscrición do seu monumento funerario da ábsida principal da igrexa de San Francisco de Ourense, onde aparecen tamén outros

---

29 Anselmo López Carreira, *A Cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*. Deputación Provincial de Ourense. Ourense, 1998. A. López Carrera: Padróns de Ourense (ten varias referencias) e Notas de Alfonso..., cit.

30 Ibidem. Tamén Emilio Duro Peña, *Catálogo de documentos privados del Archivo de la Catedral de Ourense*. Excma. Diputación provincial de Órense, 1976.

31 M. Martínez Sueiro, *Fueros Municipales de Orense*, Publicaciones de la Excma Diputación Provincial. Órense, 1978 p. 87.

32 García Oro, op. cit., nota ao & 397: “Juan de Novoa”: este personaje que siempre figura junto al Conde de Monterrey acaso fue el mismo que, pasado luego al servicio de Juan II de Portugal, navegó con las armadas portuguesas y descubrió la isla de Santa Elena y luego fue alcaide de Lisboa, pasando a referencia a (López Ferreiro, Galicia, 286).



datos de interese para a súa biografía. Dí o texto da inscrición, distribuída en catro liñas, a superior na parte baixa da tampa na que está deitado o cabaleiro coa súa armadura, os pes apoiados nun león, dúas almofadas baixo a cabeza, un coello ao pé do león, e as outras tres no fronte da caixa, no que figura un pergameo aberto:

SEPVLTVRA DE IVAN DE NOBOA VASALLO DEL REY  
ET SEÑOR DE LA CASA DE MANZANEDA E DE MENCIA  
LOPZ MOSQUERA SV MUGER FIYO DE FERNADO  
ENRRIQZ E DE LEONOR DE NOBOA

Amais da súa filiación, o texto nos informa do seu matrimonio con dona Mencía López de Mosquera, que era filla de Galaor Mosquera, señor do couto de Vilar de Paio Muñiz. Por outra parte o emprazamento do seu sarteo na capela maior da igrexa de San Francisco de Ourense nos leva a pensar no entronque familiar cos devanceiros que fixeron posible a reconstrución do convento, como pago e remisión de telo desfeito con anterioridade.

Pero as noticias sobre o personaxe comezaran tempo atrás. Nos anos finais da década dos cincuenta do século XV, este fidalgo ou escudeiro, aparece mixturado en diversos feitos e agravios aos veciños de Ourense polos homes do bispo que gardan as súas fortalezas. Así en 1457 aparece citado como autor de diversos roubos de gando, e pouco despois no intento de violación de Tereixa Gómez<sup>33</sup>, sempre formando parte do bando dos homes do bispo e mesmo vivindo co Gonçalo da Beyga, tenente do Castelo Ramiro por este. Tamén noutro documento aparece coma demandado por tentar o despoxo do párroco de Piñeira de Arcos que fora presentado polos veciños<sup>34</sup>, e onde a familia terá posesións.

No escenario da época, que viviron primeiro a revolta Irmandiña, con violentos enfrontamentos na Cidade de Ourense e nas súas terras, que afectaron tamén ao castelo de Maceda cabeza da casa do seu nome, estes feitos non deben estrañar, o mesmo que o seu vencello cos señores de meirande poderío, a carón dos que aparece con frecuencia en diversas situacións, sexa da man do Arcebispo Fonseca, sexa do Conde de Montreirei, don Sancho Sánchez de Ulloa, con quen vai ao lance da Ponte da Sionlla<sup>35</sup>, como despois ao cerco de Pedro Madruga<sup>36</sup>. Ante os constantes

33 Ferro, Couselo, A vida e a fala, cit., doc.. 302 e 317

34 ACO, Ramuín, II, 69 v. Cit.. por A. López Carreira, nota 299,p. 515.

35 A. López Ferreiro, Galicia en el último tercio del siglo XV. Santiago, I , 154.

agravios señoriais, a afirmación burguesa e a conciencia campesiña deron nacemento á Santa Irmandade, que en pouco tempo, mesmo con certa complicidade da fidalguía de segundo rango e dalgúns que se sumaron a ela, emporiso rapidamente se afastarán<sup>37</sup>, se estableceu unha acción xusticieira que freou aos señores, derrubou os seus castelos e torres e obrigou a diversos elementos a fuxir a Portugal (1467), do que volverán os máis para facerlle fronte á revolta e dominala (anos 1469), pero a situación de seguido se complica coas liortas nobiliarias entre partidarios dunha e doutra candidata a sucesora do rei Enrique IV, que morre en 1474, polo que non resultan raros os cambios de posición e mesmo de alianzas, sobre todo tendo en conta que os apoios dunha eran o rei portugués e diversos señores locais. Nese segundo momento, o Arcebispo Fonseca se declara partidario de dona Isabel, e con el, segundo Vasco da Ponte, tamén Xoán de Nóboa e Luís de Vilamarín.

A acción da Irmande, obrigou a algúns a buscar refuxio en Portugal, mesmo ao propio Arcebispo Fonseca, e con él a outros, entre eles, Xoán de Nóboa<sup>38</sup>, o que dou pé para pensar na identidade entre os Xoán de Nóboa, o señor da casa de Maceda e o conquistador da India. E, neste momento e dentro deste contexto, encaixa ben a noticia da defensa que dos bens de Xoán de Nóboa fai o Arcebispo Fonseca, en setembro de 1468, no que, por carta, prega ao Cabido da Catedral de Ourense que non se entremeta nos bens de Xoán de Nóboa porque é persoa que el aprecia e pide que se adíe a vista dun caso que ten diante da xustiza pois o dito Xoán de Nóboa está desterrado<sup>39</sup>. E tamén, no das liortas anteriores e posteriores e do aproveitamento dos bens monacais, aquela outra, sen data, dun preito entre un Xoán de Nóboa e o Mosteiro de Montederramo, do que da noticia o Conde de Gondomar, onde se pode ler: "*E eu que titulo hei de mostrar mais que habelas herdado de meu pai, ó meu pai do meu aboo e meu aboo dos nosos antepasados que as posuíron desde que o mundo foi mundo. Vos e San Bernardo (que era da Franza) e a puta que vos pariu que tendes que ver coa miña facenda por uns poucos papeis derrocadeiros que presentas...*"<sup>40</sup>, que podería entrar no contexto da carta que os Reis Católicos en 1486 na que ordenan ao Conde de Ribadavia,

36 Ibidem, p. 193, 204.

37 López Carreira: p.484

38 López Carreira, p. 484

39 ACO. Afonso Eanes de Palmoi. López Carreira,488/López Ferreiro.

40 A. Vázquez-Monxardín, Op. cit.

Juan Pimentel, Luís de Vilamarín, Pero Vázquez de Puga, Nuno González e Gonzalo de Puga que cesen nas encomendas da Igrexa e Mitra de Ourense e devolvan os bens usurpados por tal motivo, na liña do que polas mesmas datas ou algo antes fai con outros señores verbo das posesións que lle reteñen á mitra de Santiago rexentada por don Alonso de Fonseca, mesmo os do seu partido e amigos como é o caso do Conde de Monterrei, don Sancho de Ulloa <sup>41</sup>.

Á volta de Portugal, o Arcebispo Fonseca encabeza a recuperación señorial, na que ten o apoio do Conde de Monterrei, a carón de quen aparece o noso Xoán de Nóboa, en diversas ocasións segundo o Recuento de Vasco da Ponte. E paralelamente se produce o asentamento na Cidade, onde terá casa e onde o seu fillo primoxénito será rexedor<sup>42</sup>. Así, en 4 de marzo de 1481, o Xoán de Nóboa “vasalo do rei, señor da casa forte de Maceda de Limia e posuidor da renda de Ervedelo polo cabido, afora a Roi Cansado unha viña co seu monte en Ervedelo por foro de sexta”, tenencia que xa tiña dende había tempo, se atendemos aos documentos de 1471 e 1476, en que aparece citado como don Xoán de Nóboa “escudeiro, teedor da dita renta”<sup>43</sup>, e que probablemente son os bens en disputa anos antes cando a defensa do Arcebispo Fonseca.

Evidentemente, o triunfo de dona Isabel na loita pola coroa de Castela, supuxo toda unha reestructuración do poder real, que xa comezara denantes<sup>44</sup>, pero é a partir de 1481, cando toda unha serie de personaxes que teñen un rol na sociedade galega se achegan a cargos municipais e aparecen na documentación distinguidos co apelativo “vasallos del Rei”, que moitos deles farán constar nas súas propias inscricións funerarias, como é o caso de Xoán de Nóboa ou doutro personaxe singular da Cidade de Ourense coma Gonzalo de Puga, o seu parente por estar casado con Elvira de Nóboa, ámbolos dous soterrados nos sartegos da capela da Epístola de San Francisco de Ourense<sup>45</sup>. Tamén os vemos nun documento de 1484, as capitulacións para a liberación de Gonzalo Rodríguez de Asperelo<sup>46</sup>.

41 López Ferreiro, 169.

42 Padrón de 1495

43 Duro Peña, Catálogo, nº 1422 e 1440.

44 López Carreira, Op. cit. Tamén García Oro, Op. cit..

45 Sobre os sartegos de ámbolos dous, cfr. Máis arriba, nota 27.

46 Gonzalo F. Fernández, La nobleza gallega entre los siglos XIV-XV. Los Sarmiento, Condes de Ribadavia. El Liceo Franciscano, Ene-Dic. 2002, nº 163-165.Doc.. 41, p. 511, en que aparecen entre os cabaleiros que han prestar homenaxe os Sres. Juan de Noboa e Afonso de Novoa, Nuño Gonçalves de Puga, Galaor Mosquera, Álvaro de Losada, Gonçalo de Puga, ...”

Finalmente podemos dicir que Xoán de Nóboa morre antes do 1 de xullo de 1486, xa que nesa data aparece un documento no que Pedro Yáñez de Nóboa, fillo de Xoán de Nóboa, defunto, afora a Álvaro Vallete e a súa muller, Leonor Fernández, a oito voces, un monte con viña en Ervedelo por septima<sup>47</sup>, e que sepultou no xa mencionado sartego de San Francisco.

En 1496 se fan as partillas dos seus bens, nos que participan a súa viúva, Mencía López de Mosquera -que morre en 1516- e os seus fillos Pedro Yáñez de Nóboa, o primoxénito, Violante, Mencía, Luís, Fernando, Nuno, Francisco, Leonor, Suero, Olinda, Troilo e Galaor, algúns falecidos, polo que non sabemos cantos foron. Se reúnen, segundo a acta notarial, Nuno González de Puga e o cóengo Tristán Enríquez, que foran comisionados para facer as partillas polo Lcdo. Astudillo, Alcalde Maior do Reino de Galicia, Gonzalo de Puga – pola súa muller, Teresa de Nóboa- Rodrigo de Puga, Pero Yáñez de Nóboa, Mencía López Mosquera (viúva de Xoán de Nóboa), Pero Núñez, Nuno González e Tristán Enríquez para comporse en razón da sentenza e partilla que entre eles se fixo da herdanza do seu pai. Os árbitros compondores foron tamén elexidos por Mencía, por si e polos seus fillos menores; Sueiro por Pero Yáñez de Nóboa, Francisco Enríquez, Teresa de Nóboa e Mencía de Nóboa. Os compondores fallan que Mencía leve por arras 4 vasalos e 31 fanegas de pan no Couto de Piñeira de Arcos; el tercio e o quinto para Pedro Yáñez de Nóboa, segundo o testamento do seu pai, nos vasalos, pan, carne, touciño, porcos, galiñas e diñeiro de Manzaneda, Tioira e Piñeira, levando 27 vasalos, 181,5 fanegas de pan, 5,5, porcos, 21 touciños, 32 galiñas e 640 mrs. en diñeiro.

Declaran que os vasalos os terían por solariegos, mero e mixto imperio ou señorío real e soga e coitelo.

A pousa e lugar de Hervedelo serían a metade para Mencía e a outra metade para Pero Yáñez de Nóboa polo seu tercio e quinto lexítimo e a outra metade sobranse se partiría entre os outros nove herdeiros pagando foro ao Cabido.

As casas e pazos da Corredoira e as casas e adegas da rúa dos Zapateiros serían dos herdeiros<sup>48</sup>, sen ter Pero Yáñez quinto nin tercio neles, por

47 (Prol:39 . Duro Peña, Catálogo nº 1485)

48 Chama a atención que sexa precisamente na casas da rúa da Corredoira onde figura Pero Yáñez de Nóboa no Padrón de 1495, no que figura como “rexedor”. Pola contra, nos diversos Padróns e repartimentos da Cidade non aparecen ningún dos seus irmáns, mesmo naqueles nos que figuran tamén os hidalgos, clérigos e exentos.

canto foi sacado e moderado coas casas de Manzaneda e Vilar de Santos e cos bens mobles. Mencía obrígase ao tempo de facer as partillas das viñas a presentar as ballestas e tódalas armas que ficaran de Xoán de Nóboa.

No que atinxe ás presentacións de clérigos, Pero Yáñez, polo seu tercio e quinto, levaría integramente a de Santa María de Tioira, e polos mesmos tercio e quinto maila lexitima e a lexitima de Francisco, menor, a metade de San Pedro de Piñeira de Arcos e a outra metade os oito herdeiros restantes; os nove herdeiros, en que entra o citado pero Yáñez pola parte do difunto que herdou, a presentación de San Pedro de Manzaneda; Pero Yáñez será herdeiro lexitimo do menor Francisco, defunto, e Mencía López o será de Galaor, tamén defunto, segundo o testamento <sup>49</sup>.

Xa que logo, a pesares da homonimia, non parece ser o mesmo personaxe, senón outro aquel Xoán de Nóboa ou Nova, noble de orixe galego, que foi Alcaide de Lisboa e descubridor e navegante ao servizo do Rei de Portugal.

Fillo primoxénito do matrimonio de Xoán de Nóboa e Mencía López Mosquera foi Pero ou Pedro Yáñez de Nóboa, que casou con Juana Díaz de Cadórniga, filla de Alonso Díaz de Cadórniga e que morreu antes de 1512. Pedro foi mellorado polo seu pai no testamento no tercio e quinto, conservando unha parte importante do patrimonio material e a xefatura da casa e señorío de Manzaneda ou Maceda.

Foi rexedor da cidade de Ourense, cargo que xa tiña en 1495, xa que aparece coma tal no Padrón dese ano, e que mantiña en 1507, cando vende pan<sup>50</sup>. Ademais, polas noticias que se conservan, recabou dos seus irmáns a venta doutros quiñóns do herdo recibido segundo as partillas antes citadas. Así en 1516, Pero cómpralle ao seu irmán Suero o quiñón que lle pertencía polo seu pai en 44.000 mrs <sup>51</sup> e dálle poder para que logo do pasamento da súa nai reciba todo o que lle pertenza da súa lexitima e llela administre<sup>52</sup>. Tamén da a foro bens das súas fillas <sup>53</sup>e, en 1522, dota a súa criada Catalina López, nai das súas fillas naturais, cunhas casas<sup>54</sup>.

---

49 AHPOur. Marqués de Leis. Orense, nº 1903 e 2216. Caixa 22.

50 ADO. Vasco Fernández, 1507, f. 65

51 AHPOur. Juan González Cervela, 1516, fol 218

52 AHPOur. Juan González Cervela, 1516, fol 216

53 Juan González Cervela, 1512, f. 31

54 Pero fernández, 1522, f. 4

En 1524, Pedro Yáñez de Nóboa, coa autorización concedida polo Emperador Carlos na Coruña en 1520, funda morgado a favor da súa filla maior, Elvira de Nóboa, habida da súa difunta esposa Juana Díaz de Cadórniga, casada con Alonso López de Lemos, e dos seus descendentes, con preferencia de varón e no seu defecto na liña da súa outra filla Leonor de Nóboa e a do seu fillo natural Francisco de Nóboa. Os herdeiros do morgado levarían obrigatoriamente o apelido Nóboa e as súas armas so pena de perder a posesión. Separa do morgado diversos bens que lle deixa a súa filla Leonor e unha renda para una misa semanal na igrexa de San Pedro de Manzaneda se se enterrase nela, no altar máis próximo a súa sepultura. Entre os testemuñas da escritura figuran o cóengo Leónides Enríquez, o escribano Benito Fernández, o prateiro Rodrigo de Malburgo e Fernando González, veciños todos de Ourense<sup>55</sup>.

Pouco despois morre a súa filla maior e logo a outra, e en 1531, o 22 de novembro outorga testamento en Ourense, “estando sano e con salud” porque “después de mis días no aia escándalo ni rebuelta sobre sus bienes”, alusión sen dubida ao desencontros que houbo pola herdanza do seu pai. Ratifica o morgado establecido a favor da súa filla Elvira, defunta, e do seu neto Xoán de Nóboa. Tamén nomea cumpridores do seu testamento a Alonso López de Lemos, seu xenro, e a Fr.. Sebastián de Nóboa, abade de Xunqueira de Espadanedo, seu sobriño, encargándolle ao primeiro encarecidamente por que do usufructo do morgado “repare e provea estos hijos e hijas que de mi quedan”, pois “le encargo la conciencia porque a el dexo por padre e cabdillo dellos”<sup>56</sup>.

<sup>55</sup> Pero Fernández, 1524, f. 111

<sup>56</sup> 1531. Novembro, 22. Ourense. Testamento de Pero Yáñez de Nóboa, señor de la casa de Manzaneda, sano, para que no sean escandalos ni revuelta sobre sus bienes entre sus herederos.

Por cuanto hizo mayorazgo a su hija Elvira de Nóboa, ya difunta, y a Juan de Nóboa, su hijo, de la casa de Manzaneda, Tioira, Piñeira de Arcos y la parte de Quintá, Pesquera, con jurisdicción civil y criminal, rentas, patronatos, etc., según la escritura otorgada ante Pero Fernández y después le entrego la posesión de todo ante el escribano Francisco Suárez, confirma la fundación y posesión. Señala por alimentos a su hija segunda, Leonor de Nóboa, el coto de Sobradelo, que es de fuero de San Esteban de Ribas de Sil con el Bustelo, que es propio del otorgante, el coto de Vilar de Santos, el de Saa, el lugar de Pazo. Deja a su hermano Truillos de Nóboa por su vida 20 fanegas de pan y 2 puercos en la aldea de Vijueses y 10.000 mrs. para vestir. Manda a su criada Inés Pérez “por lo que me ha servido”, 8.000 mrs. A Inés, que está en Manzaneda, para su casamiento, 5.000 mrs. A la ama que tiene a su cargo a Benito, 50 reales, y que si el otorgante falleciese antes que sus hijos fuesen criados que le den 15 fanegas de pan y 3 tocinos y 1.000 mrs. cada año hasta que sean criados y para que se avezan a leer e labrar. Que a Benito y a Juan de Nóboa “que los avezen a ler e escribir” y los hagan clérigos y les den lo que hubieren menester. A Francisco, que está en Monterrey, lo que hubiere menester y lo hagan clérigo. Por cuanto Suero de Nóboa tiene 6.000mrs. de pensión en el beneficio de Tioira y otros 3.000 en el beneficio de San Juan de Viveiro que se los reclamen y sean por el. Que casen a Catalina, Mencía y Elena de Nóboa, mozas. Deja para Catalina todo el pan, tocinos y vino que compre a mí

En 1533, o vintecatro de setembro, renuncia ao cargo de Rexedor de Ourense do que toma posesión o seu neto, Xoán de Nóboa e Lemos, previa renuncia do pai deste, Alonso López de Lemos.

Cumprindo a súa vontade expresada no testamento, Pedro Yáñez de Nóboa foi enterrado na igrexa de San Pedro de Maceda, onde se conserva o monumento funerario que mandou construír. Alí, nun lucillo con arco<sup>57</sup>, gardado por un alfíz que engloba unha grande inscrición, dividida en dúas partes polo escudo de armas da familia e no que se lee:

ESTA SEPULTURA MANDO		ANSI MESMO ESTA AQVI
HAZER Pº YANES DE NO		SEPULTADA IVANA
BOA S. DE LA CASA DE MAN		DIEZ DE CADORNIGA
ÇANEDA HYJO DE IV DE NO		MVGER DEL DICHO Pº
BOA Y DE MENCIA LO	PZ MOSQVRA	YANES DE NOBOA HIJA
KE NELLA SE MANDO	SEPULTAR	D Aº DIAZ DE CADORNIGA

señora madre e de la renta de Ares Pérez que ella heredó de su nieta, digo lo que coge en tierras de Aguiar e Nobeoeiro y en los lugares que es hacia Orense que es en Moreiras, y Pougá y Reza. Cuan-to a Mencía, que está en Monterrey, y Elena de Nóboa, manda que del usufructo de las rentas del mayorazgo y de los otros lugares que dejó a la Leonor de Nóboa, las casen. Manda que aunque fallezca en castilla o en otra parte que no fuese en Galicia, que le hagan las honras y obsequias en su capi-lla de Manzaneda. Que las 10 fanegas de pan y 1 puerco que dio para su capilla de Manzaneda que mandó decir cada sábado y todos los días de Nuestra Señora una misa que las den a quien diese el señor de la casa de Manzaneda título de dicha capilla. Que si el clérigo de la Iglesia de Manzaneda quisiere demandar esta renta de la capilla y quiere decir las misas, manda que no se la den sino a otro clérigo que no sea atitulado de dicha iglesia ni capellán de ella. Que su cumplidor vista diez pobres de sayos y capaas de morilla, de los más pobres del coto de Monzaneda. Que den una vestidura de chamalote a la iglesia de San pedro de manzaneda y otra a S. Juan de Piñeira de Arcos. Deja para alum-brar la capilla de Manzaneda, dos fanegas de pan. Que vistan a todos los mozos y mozas de casa de un vestido. Que den a Pero que yo crié 1000 mrs, además de su vestido. Manda 2 bois a Inés e os 7 restantes que se vendan para ampliar o trestamento. Nombra cumplidor a Alonso López de Lemos y a Fr. Sebastián de Nóboa, abad del Monasterio de Xunqueira de Espadanedo, sobrino del otorgante, para que tenga cargo de sus hijos y casen a sus hijas. Encarga a su nieto que de, cuando vacasen, estos eben-ficios a algunos de sus hijos y casé a las mozas y de a los mozos con quñe mantenerse y no los deje morir de hambre. Encarga la conciencia a Alonso López de Lemos, para que del usufructo del mayo-razgo respere y provea estos hijos e hijas “que de mí quedan porque a él dexo por padre e cabdillo dellos”. Manda todos sus vestidos y su caballo a su hermano Troilos de Nóboa. Que de 280 reales que le deben en las airas hagan un caliz de plata buena para su capilla y que lo entierren en su capilla. Tes-tigos Bartolomé Noo, escribano, Vasco de Fenando Gonzalez, zapatero, Pero Bravo, tundidor, Pero Ballestero vecinos de Orense. Que en una casa que había comprado en la rúa Nova, que Inés Pérez, su criada que él tenía en Orense, la tenga en su vida y a su muerte quede a su hijo Francisco de Nóboa con mas la casa del lagar y tinajas del Eiró. Que si su hija Leonor de Nóboa falleciese sin descendencia todo lo le deja vuelva al señor de la casa de manzaneda por mayorazgo.

Firma autografa. Pero López de Riocabo. 1531., f. 1289 Pero López de Riocabo. 1531., f. 1289

57 Sobre o sartego, M. CHAMOSO LAMAS, Op. cit.

O escudo recolle as armas dos Nóboa, con lixeiras variantes sobre o coñecido: partido e demidiado, primeiro aguia e castelo en pao; segundo partido, castelo e león sobre mantelo. Consérvanse as cores sobre a aguia, de goles, e no león, de ouro, que non se corresponden coas habituais da linaxe<sup>58</sup>.

Na tampa está o cabaleiro tendido sobre unha saba, descansa a súa cabeza sobre tres almofadas, viste armadura e tocase con gorro de tela, e sostén coas mans a espada. Apoia os pes sobre un can e ao lado deste un paxe sostén o helmo.

Na fronte da caixa, outra longa inscrición, tamén en dúas columnas partidas polo escudo, coas armas dos Cadórniga, dous lobos pasantes sobre barca sobre ondas, e onde se le:

MAS MANDO QUE EN ESTA CA SA DE MANÇANEDA NON LA HERE	OFICIO DELLA CADA VEZ QUE BACASE Y QV E NO SEA CLERIGO NI CAPELLAN DE LA DICHA YGLESIA DE SAN
DASE SYNO PERSONA QVE SE LLA MASE SYNO DE LOS DE NOBOA Y DEX O A ESTA CAPILLA DIEZ FANEGAS DE PAN Y UN PUERCO SITUADAS EN LA ALDEA DE CHAYOSO PARA QV E DIGAN UNA MISA DE NRA SENOR RA E LOS SABADOS Y QVE EL SENOR DE LA CASA DE MANÇANEDA HAGA	PEDRO DE MANSANEDA SYNO ABAD DE OT RA PARA QVE VENGA DEZIR LA DICHA MISSA DE CADA SABADO Y LAS FIESTAS DE NRA SEN ORA Y SE QVIERE ALGUNO PARIENTE CLE RIGO DE LOS DE NOBOA QUE NO SEA CAPEL LAN NI CLERIDO DE LA DICHA YGLESIA QVE ANTES GE LO DEN A EL QVE A OTRO. ERA DE MILL E QUI(nient)OS E [en blanco] A(ñ)OS

Texto e mandas que coinciden coas que figuran no testamento do que xa fixemos mención.

58 Sobre as armas da familia hai verdadeiros contrastes. Fronte as que mostra o sepulcro do fillo, coincidentes coas que se ofrecen nalgans dos escudos do castelo de Maceda, as do sártego do pai na capela mayor de San Francisco de Ourense ofrecense como totalmente diferentes: nun ángulo as dos Enríquez, dous castelos e mantelado de león; noutro ángulo trece roeles ou bezantes en tres paos. Máis loxicas son as diferencias que se mostran coas da filla de Pero, xa que se trata dun sártego reaprocitado. Os acreditados anteriormente por membros da familia coinciden co do Pero e non cos do sártego do seu pai, Xoán Pérez de Nóboa, e posteriormente, nas diversas ramas da familia Nóboa aparecerán outras variantes das que dan noticia os irmáns García Carraffa, que na Enciclopedia Heráldica y Genealógica inclúen as seguintes variantes: "Parece ser que las del primitivo solar de este apellido en la parroquia de Noboa fueron estas: Escudo cortado: 1ª de oro, con una torre de piedra, y 2º, de plata, con un aguila de sable siniestrada de un león rampanate de gules.

Pero estas armas sufrieron después varias nmodificacioines siendo las más generalizadas entre los Noboa las siguientes: Escudo mantelado: 1º de gules, con un aguia de ouro; 2º, de ouro, castelo de gules, e 3º manteladura de plata, con leon rampante de gules.

Así lo traen los Noboa originarios de Maceda y su rama de la república de Ecuador. Alguna de estas ramas acrecienta estas armas con las de Feijóo, Castro, Sotomaioir, en escudo cuartelado.



A filla primoxénita de Pedro Yáñez de Nóboa, Elvira de Nóboa, casou con Alonso López de Lemos e morreu antes que o pai, en 1531, e está enterrada nun monumento da capela maior de San Francisco de Ourense.

Na fronte do seu sepulcro, a primeira liña na tampa e as outras nun pergameo aberto sobre a fronte da caixa, lese:

SEPULTVRA DE ELVIRA DE NOBOA MVGER DE ALONSO LOPEZ DE LEMOS  
MADRE DE IVAN DE NOVOA FVE FIJA MAIOR DE Pº IANZ DE NOBOA  
SEÑOR DE LA CASA DE MANÇANEDA ET DE IVANA ARº DE CADORNIGA  
SV MVGER NIETA DE IVAN DE NOBOA ET DE MENCIA LOPZ DE MOS  
QVERA VIZNIETA DE LEONOR DE NOBOA ET DE FERNANDO ENRRIQEZ SV  
MARIDO.

Texto que recolle a súa xenealoxía, e mesmo da o nome do seu fillo, Xoán de Nóboa e Lemos, que o vintecatiro de setembro de 1533 toma posesión do Rexemento que desempeñaba na Cidade de Ourense o seu

---

Otros en Galicia, usaron: En campo de azur, torre de ouro e saindo das almeas meia agúa de prata coronada de ouro.

Outros poñen la torre de ouro, con homaxe, sumado de agúa de prata sen coroa.

Outros aínda pintan a torre de prata.

Outros traen: De ouro, torre de sable sumado dunha media agúa de sable

Finalmente outros usaron este escudop partido: 1º, de prata, agúa de sable, e 2º de gules, castelo de prata con tres torreons.

A media agúa nacente das almeas da torre lembra o significado de “novoa”, ou sexa “no vuela”.

En data recente Luis Valero de Bernabé no seu traballo *Simbología y Diseño de la Heráldica gentilicia de Galicia*. Madrid, Hidalguía, 2003, recolle as seguintes:

1. Noboa (Abegondo. A Coruña): De ouro, castelo de goles, suxeito por un agúa de sable (heráldica de Abegondo, 26).
2. Noboa (Noia. A Coruña), Cinco flores de lis, esmaltes descoñecidos (Escudos de Noya,35)
3. Noboa (Pazo de Sta Cruz, O balado, Pontevedra). De azur, castillo de prata, sumado dun agúa de sable que o abraza (Las Hidalguías del Morrazo a través de sus piedras armeras, 41)
4. Noboa (Santiago de Compostela. A Coruña): Mantelado: campo de prata, leon de goles; de goles, agúa de ouro, e de ouro, castelo de goles (Nobiliaria de los Reinos de España, I, 204).
5. Noboa- Vilamarín (Pazo de Cudeiro. Ourense) De azur, torre de prata, mazonada de sable, supe-rada de agúa de sable, picada e membrada de gules (Blasones y Linajes de Galicia, IV, 34)
6. Noboa-Vilamarín (Pazo de Cudeiro,Ourense) Xironado: primeiro de gules, agía de ouro; segun-do de prata, león de gules; terceiro de ouro, castelo de gules (Blasones y Linajes de Galicia, IV, 34)
7. Novoa (Esposende, Ourense). De azur, torre de prata, surmontada de agúa de sable (El arte en las labras heráldicas del Ribeiro, 49)
8. Novoa (Ourense). Mantelado: campo de prata, león de gules coronado de ouro; diestra de gules, agúa de ouro; siniestra de ouro, castelo de gules (Nobiliario español, 573)
9. Novoa (pazo de Outeiro, Sisán, Pontevedra) De azur, torre de prata sumada de agúa de sable, picas e membrada de gules, acostada de dúas garzas de prata afrontadas. Bordura de prata cargada con cadena cerrada de sable (Cambados y el Valle del Salnés...536)
10. Novoa (Pontevedra) DE azur, torre de prata, sumada de agúa de sable, picada e membrada de gules (Heráldica Museo Pontevedra, 78)

Como se oíla unha ampla variedade que contrasta coas representacións do entorno macedán.

avó, Pero Yáñez de Nóboa, por renuncia deste. Herdou o morgado e dedicouse a administrar os bens da casa (en 1566 da en foro a oito voces a súa viña de Erbedelo, de 40 cavaduras de viña e monte, quizais a mesma da que xa se fixo mención en documentos do seu avó e bisavó<sup>59</sup> e atender os encargo que o Concello de Ourense lle facía como Rexedor que era. Casou con María de Ulloa, e faleceu en dez de febreiro de 1579<sup>60</sup>, tendo outorgado testamento, vivindo a súa viúva ata o 1606.

No morgado da casa sucedeuno o seu fillo, Antonio de Nóboa e Lemos, quen casou con Constanza Saavedra e Lemos, da que non tivo sucesión, falecendo en 1615.

Herdou o morgado a súa irmá Aldonza de Nóboa e Ulloa, casada en primeiras nupcias con Fernando das Seixas, e en segundas con Xoán Pérez de Lanzós e Andrade, descendente do Alonso de Lanzós que dirixiu a revolta Irmandiña e que o frente da Irmandade derrocara a casa forte de Maceda. O fillo de ambos, Alonso de Lanzós e Nóboa, conseguiu o título de Conde de Maceda o 30 de agosto de 1654 por concesión de Filipe IV<sup>61</sup>.

Dos outros irmáns de Pero Yáñez de Noboa, o primoxénito de Xoán de Nóboa, temos diversas referencias, das que algunhas xa van referidas ao falar diste. Meirande interese ofrece unha irmá, Tareixa, casada con rexedor da Cidade de Ourense, Gonzalo de Puga, que ten o seu monumento funerario, feito en 1512 pero aproveitando un arcosolio gótico anterior, na capela da Epístola de San Francisco de Ourense, onde, noutro monumento íaz o seu home, Gonzalo de Puga<sup>62</sup>.

---


59 AHPOur. Gonzalo Placer, 1566, v.4-

60 ADO. Bartolomé Garcia, 1579, f. 1

61 Sobre as diversas ramas familiares da época: Gándara, *Armas i Triunfos*, cit. Tamén J.S. Crespo Pozo,

Una relación completa, referida ao Condado de Maceda en Jaime B(ugallal) y V(ela), *Maceda, Condado de en Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón, Silverio Cañada Ed., s.a. vol.. 19-20.


62 Para estos sepulcros, cfr. D. Fraga Sampedro, *El convento de San Francisco de Ourense*, cit.



Sepultura de Pero Yañez en S. Pedro de Maceda



Detalle da inscrición do sepulcro de Pero Yañez de Nóboa. Maceda



Sepulcro de Xoán de Nóboa. Capela Maior de San Francisco de Ourense



Sepulcro de Elvira de Nóboa, Capela Maior




Sepulcro de Xoán de Nóvoa. Inscrición





Detalle da muller xacente. Sepulcro de Elvira de Nóboa



Inscrición da sepultura de Leonor de Nóboa. San Francisco de Ourense